



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

<http://epistolarios.consellodacultura.org/>

EPISTOLARIOS

Pazo de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro, s/n. 15705 Santiago de Compostela. Tel.: +34 981 957 202 / Fax.: 981 957 205

Colección: *Epistolario de Luís Seoane*

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Alberto Vilanova do 19/03/1953

Colección:

Data: 19/03/1953

De:

Luís Seoane;

Para:

Alberto Vilanova;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Ourense (municipal), Ourense (comarcal), Ourense (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Temáticas:

Fardel d'eisilado; Artes; Literatura; Vida y obra de Manuel Curros Enríquez de Alberto Vilanova;

Mencionados:

Manuel Curros Enríquez;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Alberto Vilanova do 19/03/1953

Buenos Aires, 19 de marzo de 1953

Sr. D.

Alberto Vilanova

Orense

Meu benquerido amigo:

Agradezo moito as verbas de alento que me fixo chegar pola súa carta co gallo de ter recibido *Fardel de eisilado*. Creo ter feito un libro sinceiro, no que intentei concederlle máis importancia á anguria coleitiva que á propia neste intre en que os modelos da máis moza xente galega son aqueles que buscan máis ben eispresar o contrario, e síntome por moi premiado e satisfeito conque os escritores galegos como vostede, que eu estimo fondamente pola súa obra e aitude, tivesen atopado

nel algún mérito. Tratei de continuar, coas miñas limitacións, a liña temática dos precursores que eu supoño moi esquecidos de aqueles que se agachan nun neosaudosismo, cómodo, e que atopan de mal gusto falar do que acontece a carón de un.

Teño leído estes días a súa mañífica biografía de Curros, da que correxín eu as probas e coído a edición, que me pareceu ter de ser por moitos motivos, entre eles pola súa calidade humana, un dos libros fundamentaes feitos nesa e fóra de Galiza nos derradeiros anos, e que sairá do prelo a fines do mes próisimo editado polo Centro Gallego.

Volto a agradecerlle as verbas de agrimo conque recibiu meu Fardel de eisilado e ofrézome a vostede nesta, como fidel amigo e irmán:

[Seoane]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade. A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.